



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE
OUTUBRO DO 2021.**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e cinco de outubro do dous mil vinte e un, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias
Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto

Non asiste o concelleiro D. Guillermo Diaz Aira.

ORDE DO DÍA:

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 27 DE SETEMBRO 2021.

Sométese a votación a acta do pleno de 27 de setembro do 2021, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 22.09.2021 ao 19.10.2021.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 22.09.2021 e o 19.10.2021.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUTIVOS E SOLARES.



SECRETARIA

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

“ANTECEDENTES

1º.- En materia urbanística e, en concreto, na edificación no noso en nuestro país ven poñer de manifesto a necesidade de levar a cabo actuacións que posibiliten a realización de intervencións de rehabilitación, rexeneración e intervencións renovación urbanas como mecanismo para facer efectivo, para todos, o dereito constitucional a unha vivenda digna e adecuada, así como a esixencia do deber dos seus propietarios de manter os inmobles adecuadas condicións de conservación. Fronte a outros ámbitos urbanísticos aos que a lexislación xa daba resposta, evidenciáronse nos últimos anos as carencias que a mesma mostraba con respecto ás operación de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

En resposta a dita situación, a Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, así como a modificación que a mesma leva a cabo do Código Técnico da Edificación (CTE), aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, e polo Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, contribuíron a culminar un proceso evolutivo de modelo urbanístico, tendente a mellorar a calidade da edificación e a promover a innovación e a sustentabilidade, atendendo ás esixencias dunha maior calidade de vida e de sustentabilidade ambiental, social e económica dos procesos edificatorios, urbanizadores e rehabilitadores.

Como consecuencia da nova realidade normativa, e en resposta á cambiante realidade social, xorde a necesidade, por parte dos municipios, de adecuar a súa normativa para dar cumprimento ás obrigacións de manter os edificios en condicións adecuadas de conservación, accesibilidade e aforro enerxético. Neste sentido, no exercicio das competencias legalmente atribuídas ao Concello de Monforte de Lemos faise necesaria a aprobación desta Ordenanza municipal sobre rehabilitación de edificios que recolla e de cumprimento aos novos requisitos e esixencias que establece a lexislación na materia.

2º.- Con data 27.09.2021 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública da Ordenanza Reguladora de fachadas, elementos constructivos e solares.

3º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Pleno da Corporación sesión de 25.10.2021



O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 15 de outubro do 2021 emite informe do tenor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias “as potestades regulamentarias e de autoorganización” no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que “na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis”. Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

*OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria
Pleno da Corporación sesión de 25.10.2021*



SECRETARIA

das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos do fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento)

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.


d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.



SECRETARIA

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”

g. Entrada en vigor.

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa foi realizada mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Monforte de Lemos, con data 28 de setembro de 2021, sen que se presentase ningunha suxerencia á mesma.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

ÚNDECIMO.- Polo que se refire ao contido da ordenanza axústase ao disposto na Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, así como a modificación que a mesma leva a cabo do Código Técnico da Edificación (CTE), aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, e polo Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro.


Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de aprobación inicial da Ordenanza Reguladora de Fachadas, Elementos Construtivos e Solares.

É canto procede informar”.

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a **ORDENANZA REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUTIVOS E SOLARES.***

SEGUNDO.- *De acordo co disposto no art. 49 b) LRBRL, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación.*



TERCEIRO.- *Dispoñer que, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando parabéns ao Alcalde e a concelleira do PP D^a Katherinie polos distintos cargos que van a ocupar. De seguido, aclara que na ordenanza no artigo 4 falta aclarar onde di que o da servidume forzosa a favor do Concello co exclusivo de colocar liñas eléctricas, etc, aquí botan en falla aclarar ese uso das compañías eléctricas e telefónicas das fachadas. No artigo 5, estase a falar do chan urbán, pregunta se tamén abrangue ás parroquias, cren que habería que facilitar unha ferramenta legal para a limpeza dos solares, habería que ir pensando unha partida orzamentaria para axuda destinada a rematar edificios para lustrar o Concello, por onde pasa o camiño de inverno, barrios populares, etc.

Intervén D. Jaime Germán fala do tema das cámaras que non o ve reflexado aquí, fala do tema do cableado na fachadas.

Intervén D^a Katherinie Varela entenden que se inclúen certos preceptos da normativa autonómica, gustaríalle que se houbese centrado no asunto do feísmo, fala de ter un plan xeral de urbanismo. En relación ao artigo 3 da gama de cores das fachadas, lle houbese gustado que se ampliara un pouco máis. Fala dun plan de futuro da urbanización estética da cidade. Fala dese premio que volve a estar na ordenanza e que está sen desenvolver. Sinala que se debería de aproveitar facer un concurso de ideas de proxectos por barrios, para que se poida armonizar estéticamente a cidade. En relación á colocación de elementos nas fachadas, que é lóxica a servidume, debería haber máis comunicación cos veciños, haxa un pouco máis de comunicación entre o Concello e o veciños, que o saiban con antelación.

Intervén D. Ibán Torres sinala que se trae a aprobación inicial a ordenanza de fachadas, é adecuala á normativa actual, no artigo 2 inclúese a inspección técnica dos edificios, os propietarios teñen a obrigaón da valoración dos edificios. O Concello do Monforte establece o prazo destes informes en tres anos. Por outra banda, engade o artigo 3 que fala da gama de cores das fachadas. Artigo 4 fala da colocación de elementos de alumeadado público nas fachadas, fala da servidume forzosa, sendo o obxectivo o de colocar puntos de luz, etc. No artigo 5 inclúese o remate dos cerramentos. Se modifican as cuantías das sancións. Inclúese na presente ordenanza que o personal dos servizos da cidadanía se encargaran de facer cumprir a presente ordenanza a maiores do servizo de urbanismo e da policía local.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS.



SECRETARIA

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

“ANTECEDENTES

1º.- O sector do taxi evolucionou nos últimos anos en sintonía coa realidade social e económica. A ordenanza cuxa aprobación propónse axústase ao establecido na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de personas en vehículos de turismo de Galicia e pretende unificar os criterios destinados a ofrecer un mellor servizo aos usuarios do taxi, adecuando a súa regulación á nova realidade xurídico-sociolóxica, guiados por criterios de claro contido social e por respecto, en último término, ao interese xeral.

A presente Ordenanza ten como finalidade regular os servizos de taxi do Concello de Monforte de Lemos ofrecendo aos profesionais desta actividade un marco xurídico que lles permita a súa realización en condicións de modernidade e seguridade, ademáis pretende asegurar da calidade na prestación dos servizos e o respecto dos dereitos das persoas usuarias.

Todo elo ven a xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo con elo a obrigaición das Administracións Públicas de actuar dacordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

2º.- Con data 26.04.2021 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública da Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxis.

3º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 15 de outubro do 2021 emite informe do tenor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha



SECRETARIA

potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).



OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRLL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos do fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento)

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRLL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRLL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRLL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que



SECRETARIA

dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

- e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

- f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

- g. Entrada en vigor.*

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa foi realizada mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Monforte de Lemos, con data 28 de abril de 2021, sen que se presentase ningunha suxerencia á mesma.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

ÚNDECIMO.- Polo que se refire ao contido da ordenanza axústase ao disposto na Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de personas en vehículos de turismo de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado por decreto 103/2018 de 13 de setembro.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de aprobación inicial da Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxis.

É canto procede informar”.



Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS.*

SEGUNDO.- *De acordo co disposto no art. 49 b) LRBRL, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación.*

TERCEIRO.- *Dispoñer que, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez sinala que é unha ordenanza que se precisa se mellora os servizos. Di que hai cousas que se contradin, no artigo 8 e 9 onde fala de que un propietario non poda ter máis dunha licenza, e despois máis adiante no caso de que o Concello realice no futuro facilite novas licenzas poderase facer. Non ven con claridade ata que punto se pode obrigar aos propietarios dos taxis a levar publicidade, nos taxis de campañas municipais. Despois do artigo 25 onde fala de autorización do acceso a zonas peonís, habería atender buscar que mecanismos se vai levar a cabo para que isto sexa rápido e eficiente. Fala doutras deficiencias, pero tamén é certo que se puido falar coas asociacións antes de traer a ordenanza.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez fala de que un dos temas que non entenden é o de chegar das 20 prazas, promocións publicitarias e institucionais, o tema da parada do centro de saúde, e despois non entenden que teñan que esperar unha hora para volver a incorporarse á parada, o tema das zonas peonís para o acceso, segundo que vías son hai que pedir permiso no Concello, gustaríalle que se lle explicase todo iso.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que é un servizo necesario regular. O que se pretende é que se chegue o máximo acordo posible. En relación ao artigo 8 chámalle a atención o tema das licenzas, que se faga unha compensación das licenzas. Por outra banda, en relación ao artigo 23 en canto á publicidade chámalle á atención que por un lado obrigue aos taxis a ter publicidade na parte traseira a nivel institucional, no apartado b se lle require que pidan autorización para colocar outro tipo de publicidade. Tampouco comparten o de avisar á policía local para entrar a zonas peonís, se van entrar é porque van cumprir un servizo, podería ser a posibilidade de colocar bolardos automáticos nas vías peonís. Fala de municipalizar as liñas, en canto aos horarios esperan que se chegue a un acordo.

Intervén D. Ibán Torres chámalle a atención o tema da publicidade. Sinala que é importante para os taxistas e para os cidadáns. Di que a ordenanza foi dialogada



SECRETARIA

coas asociacións de taxistas da cidade, cumpre o recollido na lei 13/2019. As paradas poderán ser modificadas por acordo municipal. Fala dos artigos da ordenanza. Sinala que se fai unha boa ordenanza tanto para o Concello como para o sector.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que o tema dos teléfonos é unha forma positiva. No artigo 27, no tema de horarios, os vehículos deberán prestar o servizo público de maneira continuada 24 horas do día. Non sabe se ata certo punto se pode obrigar a traballar a unha persoa 24 horas ó día, non sabe se isto estará ben, senón que o expliquen.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sinalando que non sabe se houbo consenso coas asociacións, non se poñen de acordo co tema do teléfono.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que non aclararon ningunha duda porque se limitou a falar da ordenanza. Os taxistas deben de poñer a publicidade que estimen oportuna, e deben ter liberdade para colocar a publicidade que queiran. Por outra banda, seguen coa dúbida da amortización das prazas, fala da compensación por parte dos taxistas, a amortización non debería repercutir ningún efecto económico aos taxistas.

Intervén D^a Ibán Torres dicindo que unha persoa non pode traballar 24 horas, fálase dun colectivo. Se non son capaces de poñerse de acordo cunha cousa non serán capaces de poñerse de acordo con outra, haberá que darlles un voto de confianza, e se non se poñen de acordo, haberá que aplicar a lei.

Intervén o Sr. Alcalde en relación co acceso ás zonas peonís, non todo o mundo é bo, hai coches que circulen por onde non deben, pero iso non é da ordenanza de taxis iso xa o pon a ordenanza de circulación, se está motivado a policía local informará a favor, é unha cousa normal aquí e en calquera cidade. En relación co tema horario, refírese ao servizo de taxi, fala do colectivo, alguén ten que estar de guardia, o que non pode ser é que estea descuberto o servizo de taxis, no artigo 27 fala do servizo, do colectivo. Falan dos teléfonos, agora mesmo hai unha situación que non pode haber un teléfono na vía que non o pdoen os taxistas na súa totalidade, soamente o poden utilizar uns, polo tanto o Concello fai un esforzo, tanto da estación como o da Avenida de Galicia, e así poden ter uso todos os taxistas, non pode ser privativo, ten que ser para todos os taxistas, isto é claro e para o ben do servizo. Se non queren deixar o que se vai facer é suprimir o da vía pública se darán de alta dúas novas liñas para que teñan acceso todos os taxistas, isto é claro e vai ben para todos. O Concello ten que facer valer o interese público de que calquera taxista se está de cabeza ten que poder coller o teléfono se zona e non que pase o terceiro da lista.

En canto ás prazas, agora mesmo hai 29 licenzas, fai pouco amortizouse unha que eles mesmos decidiron abonar ao titular da praza unha cantidade de diñeiro. Eso existe noutros sitios, para chegar a ese obxectivo, a lei en sentido estricto terían que ser 17 licenzas, neste caso son 20 para redondear. O que se di que creen un fondo, o que non pode facer o Concello e dar licenzas gratis e despois pagalas. Igual que fixeron neste caso, como eles consideren, cando se xubile alguén, lle pagan a



SECRETARIA

cantidade de mercado e se solicita ao Concello que se amortice esa praza. Eso do tema das paradas que esperen unha hora, iso o pediron eles as dúas asociacións.

O tema da publicidade, a publicidade non se di nada diferente do que figura agora a ordenanza, se cambian de coche ou de queren colocar publicidade xa o solicitan ao Concello. O tema do plan horario, xa di a ordenanza e o din eles na súa proposta, primeiro o teñen que propoñer no último trimestre e se no se poñen de acordo, será o Concello quen o faga. Isto é un pouquiño o que recolle a ordenanza para aclararlle as dúbidas dos concelleiros.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDIO DE DETALLE PRESENTADO POR D. DAVID RODRÍGUEZ GONZÁLEZ PARA FIXACIÓN DE ALINEACIÓNS NA RÚA VIGO-O CASAR.

O ditame é favorable á moción, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e de D. Emilio José Sánchez (BNG) Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“ANTECEDENTES

1º. Con data 11 de outubro do 2021 D. David Rodríguez González presenta no Concello proxecto de Estudio de Detalle para fixación de alineacións na rúa Vigo- O Casar de Monforte de Lemos.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 18 de outubro do 2021 emite informe do tenor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en adiante LSG, no seu artigo 79, regula os estudos de detalle e dispón que:

1. O desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

a) Completar ou reaxustar as alineacións e rasantes.

b) Ordenar os volúmenes edificables.

c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do planeamento.

2. Os estudos de detalle no poderán en caso algún:



- a) *Alterar o destino urbanístico do solo.*
- b) *Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- c) *Reducir as superficies destinadas a viales, espazos libres ou dotacións públicas.*
- d) *Prever a apertura de vías de uso público que no estén previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.*
- e) *Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- f) *Parcelar o solo.*
- g) *Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- h) *Establecer novos usos e ordenanzas.*

SEGUNDO.- En relación co procedemento de formulación e aprobación dos estudos de detalle o artigo 80 da LSG, dispón que:

1. Os estudos de detalle poderán ser formulados polos Concellos, pola Administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

2. Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia» e nun dos periódicos de maior difusión na provincia. Asimesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal os aprobará definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes.

Os prazos para a súa aprobación definitiva serán os establecidos no artigo 76.

Artículo 76. Prazos para a aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento de iniciativa particular.

1. O prazo máximo para resolver sobre a aprobación inicial de plans de desenvolvemento de iniciativa particular será de tres meses, a contar a partir da súa presentación no rexistro xeral do Concello. Transcorrido este prazo sen que houbese



recaído resolución expresa, entenderase outorgada a aprobación inicial do correspondente instrumento de planeamento.

2. O prazo para a aprobación definitiva polo Concello dos plans de desenvolvemento dos plans xerais será de seis meses, a contar dende a aprobación inicial. Transcorrido este prazo sen que se houbera procedido á notificación da resolución, poderá entenderse aprobado definitivamente o plan, sempre que se realizase o trámite de información pública e se obtiveran os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable, ou, no seu caso, fosen solicitados os informes e houberan transcorrido os prazos para emitilos.

3. Non se aplicará o silencio administrativo positivo cando os plans ou instrumentos contivesen determinacións contrarias á Lei, os plans de superior xerarquía ou os instrumentos de ordenación do territorio.

TERCEIRO.- En relación coa documentación que deben conter los estudios de detalle o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu art. 193, dispón que:

1. Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación.

Cando se modifique a disposición de volúmenes efectuarase un estudio comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudio de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.

b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.

c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican o reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfico dos volúmenes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e do seu entorno.

d) Calquera outro documento que poida contribuir á xustificación da proposta.

2. A documentación do estudio de detalle se formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

Existe informe da Arquitecta Municipal, desta data, na que pon de manifestó que a documentación presentada reúne os requisitos anteriormente expostos.



SECRETARIA

Polo anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE o Estudio de Detalle formulado por don David Rodríguez González para a fixación de alineacións, na rúa Vigo – O Casar, de Monforte de Lemos.

Es cuanto procede informar.”

A Arquitecta Municipal do Concello de Monforte de Lemos, con data 18 de outubro do 2021 emite informe do tenor literal seguinte:

Por D. David Rodríguez González, preséntase estudo de detalle para a fixación de aliñacións no último tramo urbano da Rúa Vigo, situada no Barrio de O Casar, desta Cidade. O estudo de detalle redáctao o arquitecto D. Ramón Carlos Fernández Losada. O meu informe é o seguinte:

En realidade o estudo de detalle pretende, en desenvolvemento das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes, completar as aliñacións (artigo 79.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu artigo 192 di:

“1. En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes (artigo 79.1.a) da LSG).*

Os estudos de detalle cuxa finalidade sexa reaxustar ou completar as aliñacións e rasantes poderán comprender os seguintes contidos:

- a.1) Establecemento das aliñacións e rasantes, cando non estean fixadas no plan ao cal completen, respecto dos viarios que naquel se prevexan.*

A posibilidade de establecer aliñacións e rasantes a través de estudos de detalle limitarase ás vías da rede de comunicacións definidas no plan que aquel complementa.”

A proposta consiste en completar as aliñacións nunha zona que está clasificada nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes como Solo Urbano en réxime de Residencial Mixta/Vivenda Unifamiliar, definida no apartado 4.8 da Normativa Urbanística de ditas Normas Subsidiarias.

No último tramo urbano da Rúa Vigo, situada no Barrio de O Casar, a aliñacións establecidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes, interrómpanse, quedando indefinidas, óptase por continuar coa aliñación



SECRETARIA

existente no resto da Rúa Vigo que marca un ancho de vía de 12 metros. Para elo tómase como referencia o eixe da vía existente e dende aí márcase a aliñación a 6 metros do eixo de dita vía como mínimo, enlazando a nova aliñación coa existente, dende o punto no que remata esta.

Con esta operación adáptase á realidade do viario existente as aliñacións que quedaron sen definir nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes.

O estudo de detalle presentado, en cumprimento do artigo 193 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, está formado por tres copias en formato papel e en soporte dixital, e contén os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións das Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes, as que complementan, así como do cumprimento das exixencias legais e regulamentarias que lles son de aplicación.*
- Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.*
- Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresan as determinacións que se completan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior.*
- Plano coas parcelas catastrais afectadas.*

A proposta realizada polo estudo de detalle cumpre as condicións establecidas para esta figura de planeamento polo artigo 79 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e que fai referencia a que os estudos de detalle en ningún caso poderán:

- Alterar o destino urbanístico do solo.*
- Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas. Entendese por dotacións públicas, ademais dos viais e dos espazos libres, os equipamentos públicos e as infraestruturas.*
- Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.*
- Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*



- Parcelar o solo.
- Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- Establecer novos usos e ordenanzas.

Tendo en conta o anterior, entendo que non existe inconveniente en aprobar inicialmente o estudio de detalle e continuar a tramitación legalmente establecida. “

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o estudio de detalle presentado por D. David Rodríguez González para fixación de alineacións na rúa Vigo-O Casar de Monforte de Lemos.*

SEGUNDO.- *De acordo co disposto no art. 80 da LSG, LRBRL, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por un prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia» e nun dos periódicos de maior difusión na provincia. Asimesmo, notificarase individualmente a todas as personas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos.*

TERCEIRO.- *Dispoñer que, os prazos para a súa aprobación definitiva serán os establecidos no artigo 76 da LSG. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde para aclarar que o que se pretende é, que dado que non temos plan, esta vivenda está dentro de solo urbano,. Dado que antes de chegar ao núcleo exacto onde se vai construír a vivenda estreitase a rúa, lógicamente iso nunha programación urbanística non pode ocorrer, o que se fai é que as alineacións que se establecen que teñan continuidade en toda a rúa, coa mesma anchura.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que despois de ler os informes técnicos e despois da Comisión Informativa e a necesidade da alineación desa rúa, eles van votar a favor.

Sobre o punto anterior sinala que entende o que está dicindo, di que a redacción pode dar a interpretacións, refírese ao tema das 24 horas.

Intervén D^a Katherinie Varela lembra a necesidade do Plan de Urbanismo, di que eles vanse absterer á espera da exposición pública.



Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e os concelleiros do Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

6º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA CIDADE.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“-Que se teña en conta nos presupostos do ano que ven o gasto de maior uso da instalación do campo da Pinguela, para que polo menos algún día da semana poida ser usado para adestramentos.

-Que se teña en conta nos presupostos do ano que ven o gasto para a mellora e mantemento das instalacións deportivas existente no barrio das Lamas e permitir as mesmas para adestramentos de clubs”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura a súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que as infraestruturas parécelle ben, no caso do campo das Lamas xa dende o BNG se trouxeron iniciativas sobre este tema. Para a práctica do fútbol, o campo era de área tiña xa deficiencias no piso, ou se fai un campo ou se busca outro destino para outra actividade de deportes. Sinala que é máis preciso outro pavillón que reuna as características adecuadas ás necesidades. Están de acordo no fondo pero difieren da exposición de motivos.

Sinala que asistiron á inauguración das luces do campo da pinguela, de non ter nada a ter as luces que hai, aínda así é un alumeado para adestramentos, para andar por casa, para competir habería que melloralo. Manifesta que van votar a favor de que arranxe ese campo, o dos adestramentos no campo da Pinguela, pero realmente para adestramentos en casos moi puntuales, para ter un estado propicio.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestan o seu voto a favor. Un partido cada quince días é infrutilizar esta instalación, fala dunha persoa permanentemente pendente do campo, hai un montón de equipos que poderían utilizalo. Fala das necesidades, é certo que se teñen pavillóns pero están escasos deles, os clubs teñen problemas para cadrar os seus horarios. Despois o que falan dos campos de fútbol, a posibilidade que cando se fixera o tema das luces, que se arranxara algo por alí arriba, pero sí ao mellor unhas instalacións de volei-praia. Vostedes levan seis anos e nunca trouxeron ningunha posibilidade para campo de fútbol, para campo a través, a eles parécelle perfecto que se arranxe coas posibilidades que teña o equipo de goberno.



SECRETARIA

Intervén D. Ibán Torres manifesta que non está dicindo a verdade, é conveniente informarse d eprimeira man antes de facer solicitudes. O campo de fútbol da Pinguela, esta dentro do conxunto das pistas de atletismo. Se o campo da Pinguela se leva un entreno tería que suspender actividades que se levan a cabo tamén nas pistas, as dúas actividades non se poderían levar a cabo. Suporía contar tamén con personal necesario para as labores de limpeza e mantemento. Por outra banda, que os clubs de fútbol de Monforte utilizan semanalmente o campo de fútbol Luis Bodegas, instalación que permite levar a cabo tres entrenamentos de maneira simultánea. Os clubs solicitantes de instalacións se lles concederon a totalidade das horas que pediron, 45 sesións de entreno semanais. Entende que non é necesario do acondicionamento das Lamas, a demanda non existe, está cuberta na súa totalidade coas instalacións que existen.

Intervén D^a Katherinie Varela sinala que falta polideportivos, existe un acordo coa Fegamp que os pavillóns escolares poden ser utilizados, aínda que teñan unha finalidade distinta para os equipos. Se a xente xove ten motivacións na cidade seguramente teña máis gañas de quedarse na cidade e non irse a outra cidade onde teña máis alternativas de ocio. Cren que hai que darlle solución a isto e que a cidade sexa máis atractiva. Fala de que ela falou xa do Luis Bodegas, consideran que está ao límite das súas capacidades, moitas veces chegan uns saen outros, que ao mellor non é adecuado un entreno na Pinguela, xa que non se poden facer un entreno poderíase utilizar para outras deportes.

Intervén D. Emilio José Sánchez se entrenan polas mañás teñen máis días. As deficiencias existen, de momento vaíse solventando e estase arreglando co que hai. Os pavillóns escolares xa se están utilizando. O campo de fútbol das Lamas non hai término medio.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que non entende que se teñan que ceñir ao tema dos entrenamentos, xa eu no campo hai unha persoa permanente, fale de cando é o coste que soamente xogue o Lemos, ao mellor de cara ao inverno, alí poden xogar pola mañá e pola tarde, porque son unhas instalacións moi boas, felicítalo polo tema do alumado.

Intervén D. Ibán Torres dicíndolle a D^a Katherinie Varela que o interior tamén existe. Cando unha persoa está ao límite das súas capacidades pódese pedirle pouco, a labor dun goberno tamén exige priorizar, é un do goberno que máis axuda ao deporte, se está ao límite é que está dentro delas. Aмосa o seu voto en contra.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que hai clubs que non admiten máis persoas porque están ao límite. Sinala que no lugar onde se debate a labor do presidente da Xunta é no parlamento non aquí.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que D^a Katherinie Varela dicía que tivera luz o estadio da Pinguela, non se olvide que foi un estadio feito cando gobernaba o partido popular, estivo con luz de obra ata de agora. Comentaban antes que o campo Luis Bodegas está ao 70%, hai un tercio para poder úsalo, di que ten un informe do técnico de deportes onde sinala que todo o que pediron se lles deu.



SECRETARIA

Falan de adestrar, non adestran donde xogan, pasa aquí en Monforte que ten un campo propio vai adestrar a outro, a realidade é a que é. E logo falaba D. Germán do club que ten instalacións propias, ese club tamén usa o Luis Bodegas, e ademáis ese club no seu día foi financiado por quén fala. As instalacións deportivas se arranxaron máis dunha vez, o campo das Lamas, o Luis Bodegas, o pavillón, a calefacción, alumeado, o teito, no campo da pinguela, se fixeron varios arranxos, os focos tampouco os había. Se fixeron moitos arranxos no aspecto deportivo. Di que as cousas da Xunta se falan no Parlamento de Galicia, e tamén debía de ser así para o goberno o Estado, sen embargo o Sr. Feijoo todos os días está criticando ao goberno de España. Falan do alumeado, o alumeado que se puxo seguramente haxa que facer algún axuste, o director de obra, puxo o que se puxo, se hai que revísalo se fará sen problema ningún. Pasouse de poder entrenar de noite a non pódelo facelo antes. Sinala que o avance é moi importante. Falaba D. Emilio de novas instalacións, dille que non perda a esperanza e tamén lle di no ano que ven algunhas instalacións deportivas de Monforte se van mellorar, se se aproban os presupostos do Estado tal como están, fala de máis de medio millón de euros para invertir en Monforte. Manifesta que non perdan a esperanza que Monforte está avanzando, seguirase mellorando.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

7º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL E A AMPLIACIÓN DE ESPACIO DE ESTUDIOS.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que se inclúan nos presupostos do ano 2022 unha partida de cartos suficiente para levar a cabo as melloras mencionadas na biblioteca municipal (mobiliario, equipos informáticos, conectividade e instalacións eléctricas) e a habilitación de máis espazos de estudio”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura a súa moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinalando que o que figura na parte dispositiva nos presupostos unha partida de cartos suficientes para a mellora da biblioteca, parécelle correcto isto deberíase trasladar aos locais Sociais das distintas parroquias.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sinala que o tema de conectividade das conexión a internet xa se falou máis veces, non quere dicir que non poida haber internet, entenden si se pode dotar dunha partida económica nese tema é



importante e dar unha volta postivia a todo ese tema do horario sería importante modificalo.

Intervén Ibán Torres dicindo que hai que informarse antes de pasar propostas e non deixarse guiar pola trampa do populismo. Fala do significado de biblioteca na RAE. Di que a biblioteca cumpre con creces a súa definición, non son salas de estudo, debería saberlo. A biblioteca pode prantexar problemas de espazo únicamente en períodos de exames, ou periodo vacacional, xa que os que acuden a elas a toman como sala de estudo o que non é, senón unha biblioteca. O concepto que se teñen dos xoves que a utilizan, iso non é unha biblioteca, á vista deste debería retitar libros. É penoso, equívoco e frustrante identificar a biblioteca como sala de estudo, con mesas e sillas, confunde como a biblioteca como unha mera sala de estudo, cousa que non é. En canto á habilitación de máis espazo de estudos. O día que foi realizar o percorrido no Edificio Multiusos pode ver que todas as salas están sendo utilizadas, polo conservatorio, polo Craega. Gustaríalle saber que resultado obtivo dese percorrido. Este alcalde foi o único que se preocupou deste problema a conectividade, a que se atopaba obsoleta. Esta moción debería de presentala na Xunta. Deben poñerse mans a obra de instalar neste Concello a fibra óptica dende a Xunta de Galicia. Presione aos seus xefes para que fagan algo neste sentido.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que se tamén se suman ao que aportou D. Germán en canto aos horarios. Da gracias por definir o que significa biblioteca, dille a D. Ibán que quere crear confusión, di claramente ellorar as instalacions da biblioteca e ampliar a zona de estudo. Parécelle que hai que ter en conta, no entrar no catálogo de libros, entran nas competencias da infraestrutura, cando se fala de equipos informáticos cren que é necesario porque hai máis descargas de internet, dun xeito telemático. En cnato á rebaixe do IBI, co remanente que teñen, é unha cuestión de facer un gasto intelixente do gasto público. O do percorrido conseguíuse que se aprobara un regulamento, dende que se aprobou o regulamento non volveron a incidir no problema. Sinala que lle gustou o percorrido. O da conectividade se debatirá despois, pero é unha competencia estatal.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que en relación con poñer luces nas fontes, di que quedan bonitas e á xente lles gustan e o que é para nota que diga que se aprobou o regulamento despois de que vostedes realizaran a visita.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

8º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE! RELATIVA A SITUACION DE EXCLUSIÓN FINANCIERA DO INTERIOR DA PROVINCIA DE LUGO.

Non hai ditame ao non estar o propoñente da proposta na comisión, polo que non está dictaminada, os asistentes dos grupos se abstiveron, e que se eleve a decisión plenaria.



Transcríbese o acordo que figura na moción:

“1.- Que o Pleno do Concello acorde comprometer a retirada de fondos das contas bancarias daquelas entidades que non teñan sede física no Concello optando polas que a manteñen, e nomeadamente, pola cooperativa de crédito Caixa Rural Galega.

2.- Que o Pleno do Concello acorde trasladar á Deputación Provincial de Lugo a proposta de impulsar un acordo entre o ente provincial e Caixa Rural Galega para acadar a implantación suficiente de oficinas desta cooperativa de crédito en todo a provincia e reverter a exclusión bancaria da veciñanza dos Concellos de Lugo, para alén de recorrer a unidades móbiles e á instalación de caixeiros multientidade.

3.-Insta á Deputación de Lugo a criar un programa de axudas para Concellos de menos de 5.000 habitantes sen servizos financeiros ou cunha única entidade para instalar caixeiros automáticos multientidade ou outra modalidade permitida por lei, cuxa finalidade sexa financiar os gastos de instalación e mantemento, comezando no presente 2021.

4.-Comunicar o presente acordo á Deputación de Lugo e aos Concellos limítrofes por se desexan sumarse ao mesmo”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que van obviar a exposición de motivos completa porque específica as necesidades. Adiante que non sabe se se pode votar por puntos. As cousas que afectan no caso do punto 2 en Monforte xa hai unha oficina da Caixa Rural. Cren que está ben como medida de castigo senón teñen unha oficina física en Monforte, o resto dos acordos, di que él négase que con gastos públicos se financien entidades privadas. Que un Concello ou unha deputación provincial teña que habilitar unha partida económica para sufragar os gastos de caixeiros a unha iniciativa privada, isto non pode ser, e mentras se traga con isto de baixar a cabeza, teñen capacidade de modificar iso os gobernos autonómicos e central. O que se precisa unha banca pública, pero realmente invertir cargos públicos nunha empresa privada ou favorecer á empresa privada con cargos nosos para que teñen caixeiros, seguirase castigando a zonas menos poboadas.

Intervén D^a Katherinie Varela sinala que a verdade que é un tema cun espírito bonito o querer dar servizos a todos. Di que ela podería falar a nivel particular, di que ela traballou nunha entidade bancaria, viviu a etapa cando a rescataron, se lle deu diñeiro á banca e se perdonou. Hai economías de empresas, familias, particulares que dependen das entidades bancarias, e o peche dunha entidade bancaria podería afectar ao país. Entenden o espírito pero cren que a Deputación non lle corresponde ese tipo de servizos bancarios, pero como sabe que van dicir que lle correspnode á Xunta, a Xunta quitou unha orde de axudas para axudar ás entidades locais de menos de 5.000,00 habitantes para poder ter ese servizo financeiro. Tamén gustaiálle comentar que hai que ser consicentes a realidade é a que é , a realidade é que se vai a unha dixilitación absoluta, cada vez se contratan



SECRETARIA

máis servizos a través de internet, os bancos soamente gañan diñeiro vendendo seguros e das comisións. Ás veces se utilizan argumentos populistas para que a xente, as veces hai que estudar a realidade porque se fan algunhas acutacións, parécelles ben o que di da sede física, entenden que hai que buscar os prezos máis competitivos en relación con traballar coas entidades bancarias por parte do Concello. Aмоса a abstención.

Intervén D. Ibán Torres di que comparten o que relacionan na parte dispositiva da moción. Di que non se pode aceptar o que se solicita. Foi a xunta que liquidou as caixas galegas poñéndoas en mans da gran banca. Di que isto é o mundo ao revés, isto é quitarlle ao cidadán para darlle aos que máis poden. Isto é culpa da Xunta de Galicia, cando estes servizos deben ser dados pola propia banca, polos que obtivo beneficios millonarios. A xustificación que da o presidente da Xunta a esta inyección de diñeiro público á banca, a xunta axuda ás sucursais para que abran caixeiros automáticos en substitución das oficinas. Hai que pedirlle responsabilidades á Xunta.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez continúa dando lectura á moción presentada. Están pedindo algo que entenden absolutamente normal, parécelle que é posible que a Deputación de Lugo poida traballar neste tema. Non teñen ningún problema que se poidan votar por puntos.


Intervén D. Emilio José Sánchez di que non se trata de partidos nin de estar ou non de acordo a banca hgaña un 46% máis no primeiro trimestre, se alguén lle parece ben que unha empresa privada a xunta como medida paliativa para que teñamos acceso aos caixeiros ou á banca. Quén goberna en Sober, Ferreira son os máis castigados, como se van estar de acordo que con cartos públicos se financien un negocio privado. Polo tanto iso si que é facer política en contra de fixar poboación no entorno rural, non é soamente a Xunta tamén é un socio que é o estado español, e despois estase no cardenal en colas de 50 metros, que é lastimoso, vergoña como cidadán ver colas nun banco, e hai que mudar estas políticas senón mal se vai no entorno rural.

Intervén D^a Katherinie Varela di que ela informan do que existe. Di que ela non está a favor de que o diñeiro público financie entidades privadas. Que haxa xente na rúa porque os propios empregados non queren ter xente na oficina, polo problema do COVID-19. Di que se van abster.

Intervén D. Ibán Torres di que concorda co que di D. Emilio, despois de rescatar co diñeiro de todos.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles pedían algo tan básico comprometer un fondo para unha cousa.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D^a Katherinie que non se entere o Sr. Feijoo que non está de acordo. Dille a D. Germán que a Deputación non vai engrosar os déficits bancarios, di que non o ve normal. Manifesta que en Xunta de Goberno se deron instrucións para non ter fondos no Banco Sabadell.



Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez, Esperta Monforte-Grupo Mixto, once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias BNG-Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

9º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE MELLORA DO ACCESO A INTERNET NO CONCELLO.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

- 1.- Facer as xestións necesarias para dotar de acceso a internet mediante fibra a zona do polígono de titularidade municipal.*
- 2.- Que o novo vial contemple a instalación de fibra.*
- 3.- Que se fagan as xestións necesarias para dotar de fibra aquelas rúas de Monforte que carezan deste servizo”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á súa moción.

Intervén D. Jaime German Vázquez entende que o piden é absolutamente necesario. Sinala que Esperta tamén trouxo aquí o mesmo e faláron das competencias, entenden ademáis de por isto que o concello teñan a ben estudar novos sistemas dos que lle constan que llos fixeron chegar. Dende o Concello se faga o posible por levar internet a todos os sitios, o internet da estrada da Vide pro riba da rotonda non funciona, nas casas onde non hai fibra hai un problema grave de internet, moitos teñen que ter sistemas alternativos, di que o fondo o único que se pide e facer as xestións necesaria para dotar de internet. Aмосa o seu apoio a esta moción.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles trouxeron unha moción sobre a vonectividad, en principio si que apoiaron, entenden que pode ir incluído o tema do polígono, di que é agora cando hai que abrir o proceso. Di que non se deben esquivar dese asunto. Instar a que lle fagan unha solicitude á Xunta de Galicia, á consellería competente.

Intervén D. Ibán Torres di que o alcalde é coñecedor da carencia de internet dende o primeiro momento que foi alcalde. En todos os edificios municipais se fixeron múltiples de reparacións para solucionar o problema. Di que non é xusto nin lóxico que edificios da Xunta de Galicia dispoñan de fibra, no é lóxico que o IES Daviña Rey dispoña de fibra e o centro cívico non a teñan. É necesario para todos, di que están cada vez máis cerca para dispoñer deste servizo. Efectivamente, o polígono na zona este carece de fibra, o polígono vai contar con tódolos servizos necesarios.



SECRETARIA

Intervén D. Emilio José Sánchez di que se alegra que estén nelo, e que pronto se teña fibra no Polígono e no resto do Concello. A instalación da fibra non é unha competencia municipal, soamente queda insistir, insistir, sinala que están nelo. O que lle preocupa é que non se fagan as cousas, pero se están nelo e o van facer, daquela danse por contentos.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sinala que o modus operandi do equipo de goberno, o importante é que o monfortinos teñan fibra óptica. Sinala que é certo se o que teñen problemas de conetividade reúnanse coa Xunta de Galicia, o que se cre que non se pode vir aquí que non é culpa súa. Gustaríalle que se centraran un pouco nestas cousas, e as voten favorablemente.

Intervén D^a Katherinie Varela di que a Xunta de Galica da conectividade aos seus edificios, pero non ten que dar conectividade, é unha competencia estatal, en todo caso non hai regulación explícita na constitución que diga que o estado ten que implantar fibra en toda España. Apoian a moción do BNG polo espírito.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que quere facer un último alegato, agora están falando de cobertura de internet, fala dun apoio ao entorno rural, a Galicia interior. Todas as administracións, o Concello, a Deputación, teñen competencia en materia de transporte, conectividade e demais, dende o goberno do estado teñen cousas que mellorar, e dende a Xunta por suposto. Ás veces é unha mágoa traer iniciativas apra que funcione mellor o rural, cada un ten que poñerse no seu ámbito competencial, mudar as políticas para poñer o valor onde se vive e como se vive, e non adaptar esa forma de vida ás políticas.

Intervén o Sr. Alcalde di que toda a cidade de Monforte estase cableando por dúas empresas e pode ser máis lento ou máis rápido, pero estase facendo. Había rúas que tiñan cableado por un lado e non o tiñan polo outro, pero iso forma parte do plan de despliegue das compañías, isto debíase a que había un despliegue dunha empresa, pero ese problema esta rematando. No polígono a empresa R di que quen non ten fibra é porque non a contrata, todas as empresas teñen opción neste momento, e que non hai problema darlle servizo dun lado a outro, se a estrada de titularidade da Deputación dalle permiso, dicindo que non habería problema por parte da Deputación.

Di que el cando se di que dan igual as competencias, ese tipo de cousas de verdade. O Concello non ten competencia niso. Di que eles falaron con R, un concelleiro, e comprometeuse a que calquera empresa que o solicitara do polígono o farían. Di que xa se ten fibra na nave onde está construído o viveiro de empresas. Diga que empresa que pedirá a fibra e non lla puxeran nunha solicitude formalizado, sinala que agora mesmo ese problema no polígono non existe. Dille a D. Germán que iso do modus operandi, di que o vai deixar aí.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.



Procédese á votación da inclusión do seguinte punto por urxencia co seguinte resultado, doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular.

10º.- APROBACIÓN ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN DA REDACIÓN DUN ESTUDIO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE D ELEMOS, E PARA AFINANCIACIÓN, EXECUCIO'N E ENTREGA DA II FASE DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO URBANO NESTA LOCALIDADE.

En base á comunicación recibida da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con entrada o día 20 de outubro do 2021, con base en:

I. Vista a aprobación polo Pleno da Corporación na súa sesión de 29 de xuño do 2020 o CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN DA REDACIÓN DUN ESTUDIO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS, E PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO URBANO DESTA LOCALIDADE.

II. Vista a proposta da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de modificación do importe das anualidades do anexo.

A proposta realizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, é a seguinte:

a.- Modificación do Anexo

Modifícase o Anexo Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

Administración	2020	2021	2022	2023	Total
CHMS O.A	28.000,00 €	8.000,00 €	780.000,00 €	1.104.000,00 €	1.920.000,00 €
CONCELLO DE MONFORTE	7.000,00 €	2.000,00 €	195.000,00 €	276.000,00 €	480.000,00 €
TOTAL	35.000,00 €	10.000,00 €	975.000,00 €	1.380.000,00 €	2.400.000,00 €

A presente adenda de modificación resultará eficaz trala publicación no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.

Polo exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado a Addenda do CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN DA REDACIÓN DUN ESTUDIO DE ALTERNATIVAS PARA



A MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS, E PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO URBANO DESTA LOCALIDADE, coas seguintes anualidades.

Administración	2020	2021	2022	2023	Total
CHMS O.A	28.000,00 €	8.000,00 €	780.000,00 €	1.104.000,00 €	1.920.000,00 €
CONCELLO DE MONFORTE	7.000,00 €	2.000,00 €	195.000,00 €	276.000,00 €	480.000,00 €
TOTAL	35.000,00 €	10.000,00 €	975.000,00 €	1.380.000,00 €	2.400.000,00 €

SEGUNDO.- Remitir ao acordo á Confederación Hidrográfica do Miño – Sil O.A.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles se votaron a urxencia é por rigor democrático. Di que con respecto á proposta vanse abster porque non saben a que atende ese retraso nesas adendas por iso vanse abster.

Intervén D^a Katherinie Varela di que se van abster. Se está constantemente pospoñendo este convenio.

Intervén o Sr. Alcalde di que hai outro convenio que é previo a este nin siquiera estan licitadas as obras, estase redactando o proxecto. Isto non se aprazou foi outro convenio o da rúa Chantada, Santa Clara Veiga, Padre Feijoo, esta é a primeira vez, é moi importante porque fan facer un estudo do saneamento de toda a cidade Monforte, inclúe a supresión do verquido que hai no parque dos condes e un aliviadero que hai no Cardenal, vaise quitar con este convenio. Foi outro convenio de 1.400.000,00 euros. O quere dicir que isto nunca se aprazou e a primeira vez que vez aquí.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

10º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de data 06.08.2021, 16.09.2021, 22.09.2021, 28.09.2021 e 18.10.2021 (2)). QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.



**PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RE 14817 DE DATA
26.09.2021.**

.- ¿Cal é o motivo de que tras nove meses de firma de contrato a obra do parque infantil Val de Lemos este neste estado inacabado?

Resposta o Sr. Alcalde que a empresa non cumpriu e rescindiuse o contrato e agora se vai encargar a un medio propio, á empresa Tragsa cando este encargado se fará, a partir de aí volverán a empezar as obras se rematará o parque.

.-¿Ten actualmente o equipo de goberno o consentimento dos veciños para proceder o sistema de cooperación mediante o cal se pretende executar este proxecto de reparcelación da zona C?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que non necesitan ter a vontade dos veciños, o puieron facer dende o ano 2000 non o fixeron, hai veciños que están de acordo, a maioría, e hai algún que non, dicindo que non se pode facer toda a zona C executada toda xunta porque di que hai dous polígonos pero a zona é a mesma. O sistema de cooperación foi aprobado no ano 2005, polo tanto iso permite que a administración o pode executar e iso é o que se vai facer, se mellora moito a cidade.

PREGUNTA DO BNG DE DATA 27.09.2021

Ten pensado actuar o Goberno Municipal no recinto do Mercado Gandeiro? Cando?

Resposta o Sr. Alcalde que si van actuar no recinto do mercado gandeiro moi pronto.

PREGUNTA DO BNG RE 16543 DE DATA 22.10.2021

¿En que situación se atopa a ordenanza reguladora do mercadillo dominical do parque dos Condes, no caso de que se vai a elaborar?

Resposta o Sr. Alcalde contesta porque non está prevista elaborar esa ordenanza, porque aí hai un plan de urbanismo que está sen executar, non sería moi lóxico arpoar algo para que o espazo está destinado para outra cousa.

ROGO DO BNG RE 16452 DE DATA 22.10.2021

Que o goberno municipal se dirixa á Deputación para que habilite o espazo da marxe esquerda do tramo da estrada LUP3204 comprendido entre a intersección coa estrada de Piñeira e a ponte sobre o río Cinsa, deste vial para o uso peonil .

PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE RE 16464 DE DATA 22.10.2021



SECRETARIA

Unha vez adaptada a iluminación do campo da pinguela para as competicións nocturnas, porque non se fan durante este mandato os medios necesarios para adaptar as pistas de atletismo para poder disputar competicións regulamentarias?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que eles non renuncian a facer nada pero hai que poñer 400.000,00 euros riba da mesa, se se rebaixa o IBI onde se quitan os 400.000,00 euros, o goberno ten un programa de goberno.

ROGO ESPERTA MONFORTE RE 16462 DE DATA 22.10.2021

Pregamoslle se faga un estudo independente, para reorganizar o tráfico, coas pontes actuais co fin de peonalizar de forma inmediata a Ponte Medieval. E o mesmo tempo faga os medios necesarios para a continuidade e remate da ronda de circulación exterior dende a rotonda da estrada de Ourense a nova Nacional-120.

Remata a sesión sendo as vintedúas horas e trinta e oito minutos mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE